

A AELG lamenta que Steiner 'desprece a lingua e a literatura galegas'

REDACCIÓN/COMPOSTELA

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) lamenta profundamente as declaracíons de George Steiner ao respecto do noso idioma e da nosa literatura. "Non podemos aceptar, nin pasar por alto, que unha persoa de probada valía intelectual, que no seu día recibiu o premio Príncipe de Asturias da Comunicación, manifieste un descoñecemento tan elevado da nosa literatura e non teña reparos en demostrarlo nunha entrevista, amosando un total desprezo polo que non coñece, facendo gala da súa ignorancia e demostrando unha nula gratitudade cos ciudadáns do Estado que un día o premiou". aseguran en nota de prensa.

A AELG quere pensar que estamos ante un caso de descoñecemento temerario da nosa tradición literaria, e non ante un prexuízo, que,din, "non poderíamos entender nunha persoa desta trajectoria e que, no entanto, si é quen de entender a cuestión catalá". Por tanto convidan ao señor George Steiner a visitar o noso país e coñecer a nosa lingua e a nosa cultura, manifestándolle que "nos encantará ilustralo sobre as antigas e fértiles orixes da lingua



O teórico da literatura George Steiner.

galega e da súa literatura, que transcendeu as fronteiras da Península, converténdose o noso legado literario medieval en modelo literario culto de referencia, e ainda hoxe é obxecto de admiración e estudio en todos os países do mundo, como o demostra a produción editada nas diversas manifestacións de xéneros litera-

rios, ora clásicos ora en proceso de reinterpretación, as traducións a múltiples linguas europeas, a súa presenza en congresos, seminarios, encontros e outros foros literarios canda representantes doutros sistemas literarios, os importantes premios e recoñecementos conseguidos polos escritores e escritoras en lingua galega, no panorama estatal e internacional, así como os milleiros de páxinas escritas, dentro e fóra do país, ao redor da reflexión teórica que a creación literaria en lingua galega provoca nos estudiosos e críticos".

Para a AELG esta é unha demonstración palpable da necesidade de impulsar as estruturas estábiles xa existentes e espalladas polo mundo, destinadas á promoción e ensino da lingua e da cultura galegas, así como crear outras novas que vinculen a identidade galega, e as súas diferentes manifestacións, cos centros internacionais de prestixio, á procura da necesaria internacionalización da nosa lingua e cultura desde presupostos claramente identificadores dunha terra con cultura milenaria e unha identidade propia.

Para a AELG esta é unha demonstración palpable da necesidade de impulsar as estruturas estábiles xa existentes e espalladas polo mundo

ga, no panorama estatal e internacional, así como os milleiros de páxinas escritas, dentro e fóra do país, ao redor da reflexión teórica que a creación literaria en lingua galega provoca nos estudiosos e críticos".